

PREMIO EPTISA MOBILIDADE 2026

A empresa Eptisa Servicios de Ingeniería, S.L. convoca o “Premio Eptisa Mobilidade 2026” ao mellor Proxecto Fin de Grao ou Traballo Fin de Mestrado realizado polos estudantes da Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña no ámbito da Mobilidade Sustentable e a Recuperación de Espazo Público. Valoraranse os seguintes aspectos:

1. Deseño de actuacións encamiñadas a unha mellora da Mobilidade Urbana Sustentable, a Rexeneración urbana/rururbana/rural e a Recuperación de Espazo Público.
2. Actuacións encamiñadas á promoción de modos de transporte sustentables (Modos activos e transporte público)
3. Estudo pormenorizado da mobilidade actual e a futura coa análise da repercusión das actuacións sobre o medio ambiente
4. Orixinalidade das propostas

Participantes:

Poderán optar ao premio aqueles estudantes da E.T.S. de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña que teñan presentado o seu Proxecto Fin de Grao ou Traballo Fin de Mestrado en calquera das convocatorias do curso 2025-2026 e que obtivesen unha cualificación de sobresaínte ou Matricula de Honra.

Xurado:

O xurado estará composto por:

- **Presidente:** o Director da ETSECCP
- **Vogais:** 1 Profesor/a da Área de Enxeñaría e Infraestruturas de Transporte e 2 Profesionais propostos por Eptisa
- **Secretario:** o Secretario Académico

Este Xurado emitirá o seu fallo, inapelable, en Decembro de 2026, podendo declaralo deserto cando, ao xuízo deste, non haxa proxectos con méritos suficientes. Calquera eventualidade que puidese xurdir durante o proceso de selección, será resolta polo xurado co mellor criterio posible.

Premio:

Concedese un premio de 1.000€ e un diploma acreditativo ao mellor proxecto ou traballo da E.T.S. de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos da Coruña en materia de Mobilidade Sustentable e Recuperación de Espazo Público presentado no curso 2025-2026.